

## INVISIBILIDADE

Tiresias, o adiviño por antonomasia da mitoloxía grega, era cego; é significativo que os seus dotes de vidente estivesen asociados á incapacidade de ver. Podemos pensar que o feito de non ver a realidade exterior está ligado á posibilidade de ver o futuro, de entender a sucesión das causas e os efectos e predicir o que vai suceder. Neste sentido, a vista sería unha distracción que dificultaría esa outra mirada interior.

Tamén Max Estrella, o protagonista de *Luces de bohemia*, é cego. Aínda que non sexa adiviño, como poeta é capaz de percibir a realidade cunha agudeza e unha sensibilidade especial. A súa cegueira é, en primeira instancia, unha minusvalía, unha tara que dificulta o seu andar errático pola noite dun Madrid «absurdo, brillante e famento», que o entrega desvalido en mans da súa guía infiel, que unha e outra vez o rouba, o engana e lle nega o abrigo. Pero péreceme que tamén ten unha función simbólica; cego, Max Estrella é capaz de ver máis alá, de entender a realidade que o rodea, na súa miseria, o seu absurdo, o seu esperpento.

A mirada e a súa negación é, precisamente, o tema central da *performance A acción nunha Pontevedra absurda, brillante e famenta* (ao xeito de Max Estrella), da poeta e artista de acción Yolanda Pérez. Deste motivo central derivan as diferentes implicacións metafóricas das seis escenas que, como a acción que no seu conxunto configuran, toman os seus títulos de distintas frases de *Luces de bohemia*.

O sentido da vista asóciase a unha percepción distanciada, mentres que o tacto supón unha situación de intimidade. Ao recoller con cinta illante as pegadas dactilares dos espectadores e desprazalas, así fixadas, ata a parede, a artista establece un contacto físico con eles, e dirixe a nosa atención a unha situación invivible pero efectiva.

Cando declama dende fóra da sala, a través da porta entreaberta, afirma a súa vontade de marxinalidade (ou, como se di agora, de invisibilidade). A voz é o seu instrumento e o seu dereito; e, só apartada da vista, a poeta, como o adiviño, é capaz de predicir: «no futuro a arte honrará ao seu pai e á súa nai, e á multinacional para a que traballe».

Vai facer xirar cos ollos vendados, noutra escena, unha esfera terrestre mentres vai dicindo os días da semana, cara a diante e cara a atrás; o tempo lineal, como avance, é negado, e afirmase un tempo circular, de ida e volta. E así desvélese o mecanismo da videncia: o futuro é o pasado.

E xa cara ao final, as pipas inseridas polo público convérteno, a ollos da artista, nun campo de xirasoles (flor do temporal, da luz, do alimento e da pintura), que ela fotografa e conta metodicamente; se a mirada nos engana, transformemos o que vemos.

Por iso, non podo deixar de pensar que cando a artista, na última escena, quita a máscara, o que en realidade nos mostra é unha nova, antiga, ilusión.

Ignacio Pérez-Jofre  
Universidade de Vigo